

+SECCIONES

- [Portada](#)
- [Narón](#)
- [Ferrolterra](#)
- [CGS](#)
- [Opinión](#)
- [Galicia](#)
- [España](#)
- [Mundo](#)
- [Sociedad](#)
- [Economía](#)
- [Deportes](#)
- [Comunicación](#)
- [Humor](#)
- [Titulares](#)
- [Portada PDF](#)
- [Motor](#)
- [Especial Cortázar](#)
- [FORO ECONOMÍA](#)
- [Encuentros Economía DF](#)
- [Foro Galego do](#)
- [Emprendemento](#)



[descarga en .pdf](#)

+SERVICIOS

- [Taxis](#)
- [Televisión](#)
- [Horóscopo](#)
- [Esquelas](#)
- [Cartelera](#)
- [Telefonos](#)
- [Farmacias](#)
- [Agenda](#)

+UTILIDADES

- [Buscador](#)
- [Mapa Web](#)
- [Escribenos](#)

+PERIODICOS

- [El Ideal Gallego](#)
- [Diario de Arousa](#)
- [Diario de Ferrol](#)
- [Deporte Campeón](#)
- [Diario de Bergantiños](#)

+MÁS NOTICIAS EN

[arestorea](#)

FERROL

Quintana asegura que o galego é unha oportunidade para o país, non un problema

A VII Escola de Verán de Ferrolterra, que este ano Nova Escola Galega desenvolve no Concello de Fene, viviu onte a primeira das catro xornadas nas que se pretende analizar polo miúdo a situación actual da lingua galega. Anxo Quintana foi o primeiro en achegar a súa visión. "O galego segue a vivir unha situación de anormalidade", dixo.



Anxo Quintana, xunto a Xosé Lastra

[REDACCIÓN > FERROL](#)

O vicepresidente da Xunta participou no acto de apertura dun curso que o mencionado movemento de renovación pedagóxica, presidido na actualidade polo director do CEIP Manuel Masdías de Caranza, Xosé Lastra, celebra cada ano nun concello da comarca de Ferrolterra e baixo unha temática diferente. Nesta ocasión, o da normalización lingüística foi o elixido e sobre este aspecto xirou o discurso de Quintana durante a súa intervención ante os máis de 60 inscritos nunhas xornadas que se desenvolven na Casa da Cultura do municipio fenés.

O vicepresidente definiu a cita organizada por Nova Escola Galega como "unha oportunidade máis de entender e trasladar o galego como unha oportunidade, e nunca como un problema" e calificou de "difícil" o momento polo que atravesamos esta lingua, xa que "se ben é certo que 6 de cada 10 galegos o falan de xeito preferente, o uso está a decaer entre a xente nova; temos un problema de utilización real do mesmo", dixo o político nacionalista.

Ante esta situación, o vicepresidente da Xunta considerou inexplicable que continúen a se alzar voces "preocupadas porque se fale demasiado" nesta lingua e que "algúns se rasguen as vestiduras" ante o intento do goberno de converter o galego en "idioma de uso corrente" para a poboación. E precisamente nesta liña é na que vén traballando, segundo Quintana, o executivo galego, "con medidas efectivas como é a aposta clara polas galescolas", afirmou. Neste sentido, destacou a integración esta semana de "23 novas escolas infantís, e máis de 1.000 novas prazas, na rede de galescolas".

Sen embargo, ao seu xuízo, é preciso que estas medidas vaian acompañadas dun compromiso social e de novos marcos lexislativos que permitan a igualdade xurídica entre o galego e o español, por iso defendeu a necesidade de desenvolver un novo Estatuto de Galicia que garanta o dereito e deber dos galegos a empregar o seu propio idioma.

Xunto ao vicepresidente da Xunta de Galicia interviron no acto de apertura da Escola de Verán de Ferrolterra o presidente de Nova Escola Galega, Xosé Lastra, e o alcalde de Fene, Iván Puentes.

O primeiro destacou unha vez máis a importancia do tema a tratar nesta edición nun momento no que a Consellería de Educación vén de aprobar o novo decreto de Normalización Lingüística no ensino, unha norma "demasiado curta para as nosas aspiracións de invertir a tendencia negativa dos últimos anos e que queda de manifesto nos diferentes indicadores da situación sociolingüística da comunidade", argumentou.

Pola súa banda, o rexedor fenés reafirmou o compromiso do seu concello

As embarcacións tradicionais e os moteiros toman o sábado Ferrol Vello



O grupo hostaleiro do porto suma as súas forzas este ano á Asociación de Veciños de

Ferrol Vello e ó Club do Mar na celebración das festas da Parrocheira....

Aquaciencia recibiu máis de 8.000 visitas durante el primer semestre



El gobierno local hizo el balance de las visitas realizadas al jardín

didáctico Aquaciencia durante el primer semestre del año, cuyo total...

LA CONTRAPORTADA: El Tercio Norte se pone en forma



Decenas de máquinas de entrenamiento y un cuidado acondicionamiento han reconvertido

un antiguo hangar en el nuevo gimnasio del Cuartel de Dolores. Sin...

coa defensa da lingua, así como dun ensino público e de calidade, subliñando ao mesmo tempo o devandito decreto de Educación, "que está chamado a facer avanzar moito máis a normalización do noso idioma", dixo.

A XII Escola de Verán de Ferrolterra reunirá ata o vindeiro sábado na Casa da Cultura de Fene a destacados expertos no tema a analizar.

Información elaborada a partir de fontes propias, Agencia Efe, Europa Press y Agencia Gallega de Noticias

[Imprimir noticia](#) | [Volver](#) | [Enviar noticia](#)

Ads by Google View ads about:

